

A CULTURA É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

NOEL TURBULENCIAS

Comunicador coruñés, con máis dunha década de traxectoria vencellada á radio, a prensa musical e a divulgación cultural. O seu percorrido está especialmente unido a CUAC FM, onde leva anos realizando programas musicais e desenrolando un traballo continuado de difusión da escena galega e estatal. Tamén ten colaborado en Hoy por Hoy A Coruña da Cadena SER, en Radio InterCoruña xunto a María Nieto, no O Galo Canta de Radio Estrada con Iago Gordillo e en Música Envenenada de Radio Polígono partillando micrófono con Samu Sobrino.

No ámbito escrito iniciou parte do seu camiño no blog Pániko Nuclear e actualmente colabora na edición Noroeste de Mondo Sonoro e é o autor dun blog de noticias musicais chamado Galicia MusiCalidade, da mesma maneira que o libro ilustrado que coeditou xunto con Victoria Sánchez en 2024, un proxecto dedicado a achegar e contextualizar a música galega contemporánea dende unha mirada divulgativa e cultural, ademais de participar puntualmente como analista musical en medios coma HuffPost, infoLibre o ABC. Formou parte do xurado dos Premios da Industria Musical de Galicia 2025 e dos Premios MIN 2025.